

PRESENTACIÓN





1.1. INTRODUCCIÓN

Coa posta en marcha no ano 2010 do III Plan de xuventude, **Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega**, fíxose patente o interese do Goberno galego pola mocidade. Xa no seu deseño, considerouse que un dos aspectos fundamentais e imprescindibles era o coñecemento do seu desenvolvemento, de aí que anualmente se realice un seguimento e avaliación das actuacións realizadas.

Igual que en anualidades anteriores (2010-2011), contouse coa colaboración do Comité Galego de Políticas de Xuventude (anteriormente Comisión Interdepartamental de Xuventude) para realizar a avaliación e a análise das actuacións levadas a cabo en cada un dos nove eixes de acción.

Inicialmente, recollíanse 249 medidas distribuídas en nove eixes de acción:

1. Educación
2. Emprego
3. Creatividade e espírito empresarial
4. Vivenda
5. Saúde e deportes



- Propias da D. X. Xuventude e Voluntariado
6. Información e formación
 7. Participación e asociacionismo
 8. Voluntariado
 9. Mobilidade





Para o ano 2012, contemplábase a realización de 202 medidas iniciais, ás que se lle engadiron, durante as anualidades 2010 e 2011, 20 medidas novas que tiveron continuidade no ano 2012. Polo que, para a anualidade 2012 tíñanse previstas 222 medidas.

	Medidas previstas inicialmente	Medidas novas 2010	Medidas novas 2011	TOTAL MEDIDAS PREVISTAS
Educación	50	2	11	63
Emprego	29	1	1	31
Creatividade e espírito empresarial	15	0	0	15
Vivenda	14	0	0	14
Saúde e deportes	15	1	1	17
Información e formación	40	0	2	42
Participación e asociacionismo	14	0	1	15
Voluntariado	10	0	0	10
Mobilidade	15	0	0	15
	202	4	16	222

Táboa 1: Relación de medidas previstas para a súa execución no ano 2012





Das 222 medidas iniciais previstas para a anualidade 2012, realizáronse 180, xa que 42 medidas non se levaron a cabo por falta de orzamento ou por outros motivos. Por outra banda, engadíronse 57 medidas novas, polo que, en total, leváronse a cabo 237 medidas na anualidade 2012.

	Medidas previstas	Novas	Medidas que non se levaron a cabo	
			Por falta de orzamento	Por outros motivos
Educación	63	16	3	8
Emprego	31	2	3	3
Creatividade e espírito empresarial	15	2	2	3
Vivenda	14	0	0	3
Saúde e deportes	17	3	1	1
Información e formación	42	10	4	5
Participación e asociacionismo	15	9	2	0
Voluntariado	10	4	2	1
Mobilidade	15	11	1	0
	222	57	18	24

Táboa 2: Relación de medidas realizadas e non realizadas no ano 2012





Tendo en conta a información anterior, podemos concluír que se levou a cabo algo máis do 80 % das medidas previstas para a anualidade 2012 encamiñadas a facilitar a educación formal e non formal da mocidade, mellorar a súa empregabilidade, fomentar o espírito creativo ou emprendedor, favorecer un lecer responsable, variado e de calidade, crear hábitos de vida saudable ou favorecer a mobilidade xuvenil, entre outros.

No eixe que máis medidas novas se incorporaron no ano 2012 foi no de educación, con 16 medidas novas, seguido do de mobilidade e do de información e formación, con 11 e 10 medidas respectivamente. Por outra banda, tamén observamos que no eixe de educación e no de información e formación foron nos que máis medidas quedaron pendentes de realizar segundo as previstas para este ano, con 11 e 9 medidas respectivamente.



1.2. **OBXECTIVOS**

Co seguimento e avaliación de **Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade galega**, preténdese coñecer os efectos producidos coa posta en marcha das diferentes medidas contempladas inicialmente no plan, así como as que se foron engadindo ao longo do ano 2012. É dicir, comprobar ata que punto se acadaron os obxectivos formulados ao inicio, así como aquelas actuacións que se modificaron ou incluíron para axustarse o máximo posible ás necesidades e demandas dos mozos e das mozas.

De maneira xeral, o **obxectivo concreto** do dito seguimento e avaliación é:

Coñecer o **grao de execución do plan**, isto é, que actividades se van desenvolvendo para lle dar cumprimento a este.

Os **obxectivos específicos** son:

- dar a coñecer os **resultados finais** de cada medida proposta;
- reflectir as **debilidades** e as **oportunidades** que condicionaron a obtención destes resultados;
- analizar os **aspectos positivos e negativos** influentes na implantación das medidas;
- establecer os **mecanismos** axeitados para a superación dos resultados obtidos.





Os obxectivos evidéncianse a través do procedemento de seguimento e avaliación:

- **Seguimento:** grao de execución, a través dun exame constante e intermitente das actuacións que se están a realizar.
- **Avaliación:** grao de cumprimento, tanto ao longo do proceso (informes intermedios) como á finalización deste (informes finais).





1.3. METODOLOXÍA

O propio documento do plan xa reflectía no seu apartado 9 os mecanismos de avaliación e seguimento das diferentes actuacións recollidas nel.


Para axilizar a recollida dos datos necesarios para o seguimento e a avaliación, deseñouse unha ferramenta que incluía os seguintes datos:

- Entidade
- Acción
- Eixe e obxectivo
- Obxectivos acadados
- Motivos, de ser o caso, da non realización da medida
- Núm. de persoas beneficiarias (desagregada por franxas de idade: menores de 19, de 19 a 25 e de 26 a 30 anos)
- Tipo de actividade (cursos, obradoiros, xornadas, estudos, guías, campañas, axudas e bolsas...)
- Orzamento executado
- Continuidade en anos posteriores
- Outras actuacións realizadas non recollidas anteriormente



Estes datos plasmáronse nunha ficha individualizada de cada unha das medidas que, unha vez cuberta, foi remitida á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a través dos representantes permanentes de cada departamento ou órgano xestor, para a súa posterior análise por parte da dita dirección xeral.

O resultado dos datos obtidos é este informe de avaliación e seguimento que, ademais de ser reflexo das actuacións realizadas durante o 2012 a prol da mocidade, tamén quere servir como instrumento que facilite a continuidade e posta en marcha de novas actuacións en anos vindeiros.



Fluxograma de actuacións no proceso de avaliación e seguimento